

# REVISITA LEGAL DE DEVELOPAMENTO SOCIAL

## RESOLUCIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

● Recursos e sancións

● Regulación de emprego

# REVISTA SOCIAL GALEGA DE

RECURSOS E SANCIONS

## RESOLUCIÓN DE 1 DE XULLO DE 2003

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución ditada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

### Feitos

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 10.i) do Real Decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, por canto a empresa de referencia, promotora da obra de construción dunha área comercial na Balsa, en Carballo, non realizou as funcións de coordinación da obra, por canto o coordinador designado non coordinou as actividades do contratista e subcontratista durante a execución da obra.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 12.13 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, de conformidade co disposto no artigos 39.3 e 40.2.b) da mesma norma, proponéndose a imposición dunha multa de 1.502,54 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, pola Delegación Provincial da Coruña, da

Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 13 de xuño de 2002 ditouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 1.502,54 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ao seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

### Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- En canto ás alegacións realizadas polo recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

O artigo 12.13 do R.D. Lex. 5/2000, tipifica como infracción grave “non adoptar os empresarios e os traballadores por conta propia que desenvolvan actividades nun mesmo centro de traballo ... as medidas de cooperación e coordinación necesarias para a protección e prevención de riscos laborais”. O recorrente nega a súa condición de empresario, alegando que só é promotor, pero o certo é que, independentemente da súa condición de empresario principal, condición que quedou demostrada na resolución impugnada, como promotor ten unha serie de obrigas de coordinación e información respecto dos contratistas e subcontratistas así como da conducta dos coordinadores de seguridade e saúde, a infracción das cales motivou o presente procedemento sancionador.

O artigo 7 do R.D. 1.627/1997, establece a obriga de cada contratista de elaborar un plano de seguridade e saúde no traballo no que se analicen, estudien, desenvolvan e complementen as previsións contidas no estudo ou estudo básico de seguridade e saúde. Este plano constitúe o instrumento básico de ordenación das actividades, da avaliación dos riscos e da planificación da actividade preventiva, e as medidas que recolla, destinadas a eliminar, controlar ou reducir os riscos identificados no citado estudo, deben ser respectadas durante a execución da obra. A empresa subcontratista non tivo coñecemen-

to do plano de seguridade da obra dende o inicio das súas actuacións, co menoscabo que para a saúde dos traballadores supón o feito de que non se adopten as medidas de protección previstas no citado plano, cando é sabido que o plano debe estar a disposición, en todo momento, de cantas persoas, físicas ou xurídicas, interveñan na execución da obra. Este é o motivo polo que se incumpriu un principio xeral de execución da obra, que é o de cooperación entre os contratistas e subcontratistas que interveñen nela. En consecuencia, o promotor debe responder das obrigas de coordinación respecto dos empresarios que traballen na obra, e tamén debe responder da conduta dos coordinadores de seguridade e saúde designados por el, na medida que estes incumpran as obrigas que lle corresponden, toda vez que o coordinador dependen contractualmente do promotor.

Polo demais, o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer simples interpretacións acomodaticias ao seu propio interese. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Legislativo 5/2000, do 4 de agosto, ao non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

### **Resolve**

DESESTIMAR o recurso interposto por don V.S.A. en representación da empresa "B.A.C., S.L.", contra a Resolución de data do 13 de xuño de 2002 acordada pola Delegación Provincial da CORUÑA, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 1.502,54 € imposta á citada empresa.

### **RESOLUCIÓN DE 5 DE SETEMBRO DE 2003**

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución ditada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

### **Feitos**

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, por incumprimento do disposto nos artigos 14.2, 15.1.h) e 17.1 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en relación co disposto nos arts. 3, 4 e anexo I, apartado 1.3 e 8, e disposición transitoria única do Real Decreto 1.215/1997, do 18 de

xullo, polo que se fixan as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo; por canto a máquina que provocou o accidente do traballador don J.R.R., non ten dispositivos de protección nin parada de emerxencia.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 12.16.b) do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, pero no seu importe medio, ao terse en conta a gravidade dos danos producidos, de conformidade co disposto no artigo 39.3 da mesma norma legal, proponéndose a imposición dunha multa de 3.600 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, a Delegación Provincial de Pontevedra, en Vigo, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 22 de maio de 2002 dictou Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 3.600 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ao seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

### **Fundamentos xurídicos**

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- Respecto da práctica da proba solicitada no escrito de alegacións á acta, débese sinalar que no citado prego de descargos, o agora recorrente solicitaba textualmente “que se reciba o expediente a proba, para os efectos de práctica da proba precisa para concretar as verdadeiras circunstancias do accidente, entre outras a declaración do compañeiro de traballo, don C.G.R.”.

Pois ben, ao respecto procede sinalar:

O procedemento sancionador na orde social regúlase pola súa propia normativa, contida no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado

mediante o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto e no R.D. 928/1998, do 14 de maio, que desenvolve o citado procedemento.

Pois ben, o artigo 17 do R.D. 928/1998, establece claramente que as probas deben ser aportadas co escrito de alegacións á acta, sen que se recolla neste procedemento, a apertura dun período de proba como tal.

Non obstante, doutrina e xurisprudencia admiten a proposta da práctica dalgunha proba, pero debe tratarse dunha proba concreta e non dunha petición xenérica de recibimento do expediente a proba.

Neste senso, a única proba concreta que o recorrente solicitou foi a testemuñal do compañeiro do accidentado, e na resolución impugnada xa se respostou expresamente a esta cuestión, ao manifestar no seu fundamento quinto que non se considera necesario tomar declaración ao traballador don C.G.R., posto que a inspectora xa o entrevistou. Polo demais, resulta improcedente a apertura dun período probatorio sen indicar as probas solicitadas e todo isto sen prexuízo de que, aínda especificadas as probas propostas, poidan ser declaradas improcedentes ou innecesarias.

CUARTO.- Polo que se refire á proposta de apertura dun período de proba en vía de recurso, debe sinalarse que a regulación xeral dos recursos administrativos non prevé un trámite de proba en sede de recurso. Non obstante, a doutrina reconece que tampouco está prohibida a apertura dun trámite de proba, pero iso si, dependendo das circunstancias do caso e cando resulte imprescindible para os efectos de evitar a posible indefensión dos interesados que non compareceran na vía administrativa, ou cando se trate de probas non practicadas en primeira instancia e que se consideren necesarias polo órgano que debe resolver o recurso.

No suposto que nos ocupa, a entidade interesada xa presentou alegacións á acta, e por outra banda, este órgano resolutor non considera necesaria a práctica da proba testifical proposta, en fase de recurso, por canto os feitos descritos na acta foron comprobados directa e persoalmente pola inspectora actuante, o traballador don C.G.R. xa prestou declaración ante a inspectora e non debe esquecerse que é reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo de dar prioridade ás manifestacións que libre e espontaneamente se realizan no acto da Inspección que ás posteriormente emitidas, nas que ademais concorre a circunstancia de tratarse de persoas ligadas por un vínculo laboral a aqueles a quen beneficia o seu testemuño (Sentenza do 01.12.94 do Tribunal Superior de Xustiza de Valencia).

Polo demais, non se considera necesaria a práctica de ningunha outra proba, pois os feitos imputados (ausencia de dispositivos de protección e parada de emerxencia na máquina na que se produciu o accidente) foron constatados directa e persoalmente pola funcionaria actuante, trala visita efectuada ao centro de traballo e entrevistas co xerente da empresa e co traballador xa citado, e a empresa tanto no seu prego de descargos como no escrito de interposición do recurso, non nega que a inexistencia dos citados elementos de seguridade, senón que trata de exonerarse da súa responsabilidade en base á imprudencia do traballador.

QUINTO.- O recorrente insiste en sinalar que “non se determina no máis mínimo, en qué medida a existencia dalgunha botoneira de emerxencia, ou a existencia dalgún mecanismo de protección, podería ter mitigado ou agravado as consecuencias do accidente de traballo”. Ao respecto convén subliñar que a infracción administrativa cometida

consiste na omisión das medidas de seguridade axeitadas para evitar a consumación dun risco ou as consecuencias lesivas que puidera provocar dita consumación.

Trátase de analizar por tanto se o recorrente cometeu unha infracción laboral por non adoptar as medidas de seguridade necesarias para prever riscos que poideran afectar á vida, integridade e saúde dos traballadores ao servizo da empresa, sen que sexa necesario para que se cometa dita infracción que se produza un resultado lesivo, sendo suficiente que a omisión das medidas de seguridade creen un risco xenérico tomando como referencia a tarefa desenvolvida polo traballador.

Neste sentido, o que se sanciona non é que se producira o accidente de traballo senón o mero incumprimento dos preceptos normativos, independentemente de que acaecera un dano efectivo, dano que en todo caso é un criterio que se tivo en conta para agravar a sanción, de conformidade co art. 39.3 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

En efecto, a responsabilidade do empresario non se produciu polo feito do accidente laboral, senón que se acredita por non ter cubertas todas as medidas de protección esixidas polas normas de dereito necesario.

SEXTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer simples interpretacións acomodaticias ao seu propio interese que carecen de virtualidade xurídica para enervar os razoamentos da resolución recorrida. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, ao non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

### **Resolve**

DESESTIMAR o recurso interposto por don J.F.P. en representación da empresa "C.P., S.L.", contra a Resolución de data do 22 de maio de 2002 acordada pola Delegación Provincial de Pontevedra, en Vigo, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 3.600 € imposta á citada empresa.

### **RESOLUCIÓN DE 5 DE SETEMBRO DE 2003**

Examinado o recurso formulado polas empresas de referencia contra a Resolución ditada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes



## Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto nos artigos 246, 247, 248, 250, 251, 254 e 258 en relación co artigo 249 da Ordenanza laboral para a construción, vidro, cerámica e similares, aprobada por Orde Ministerial do 28 de agosto de 1970; e artigos 14.2 e 3 en relación co artigo 15, apartados 1, 2, 3 e 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e cos artigos 4.2.d) e 19.1 do do Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

Todo o anterior en relación co accidente mortal sufrido polos traballadores don J.M. e don A.P.F, por canto na execución do traballo encomendado non se adoptou por parte da empresa ningunha medida de seguridade fronte ao risco de derrubamento do terreo, toda vez que non se adoptaron nin as precaucións necesarias para evitar os derrubamentos, nin se dispuxo de sistema de entibación nin se realizou un estudo previo en canto á necesidade de apeos, nin se dispuxo de fortificación e revestimentos necesarias para a contención de terras, nin se evitou a acumulación de obxectos pesados xunto ou próximos ao borde da construción, nin se adoptou ningunha outra precaución ou medida de seguridade que impediran o derrubamento das paredes.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÁXIMO, de conformidade co disposto no artigo 49.1 e 4 da referida lei, ao ter en conta a gravidade dos danos producidos (morte de dous traballadores) así como as concretas condicións, formas e modalidades que concurrían na execución do traballo e a perigosidade na execución do traballo desenvolvido no centro de traballo, propoñéndose a imposición dunha multa de 15.025,90 €.

A acta exténdese contra a empresa “C.H.F., S.A.” e solidariamente, a “C.C.C., S.A.” e “E.S.A., S.A.”

SEGUNDO.- Unha vez presentados escritos de descargos á acta por parte das empresas inculpadas, a Inspección de Traballo e Seguridade Social emite informes (un en relación a cada escrito de alegacións), no sentido de confirmar a acta, se ben, por un lado, corrixe o erro material no sentido de que debe dicir “C.S.A., S.A.” (e non “E.S.A., S.A.”), e por outro lado, amplía a responsabilidade solidaria á empresa “E.I.V., S.A.”, motivo polo que se procede a practicarlle e trasladarlle acta de infracción para que poida formular alegacións que estime pertinentes en defensa do seu dereito. Formuladas alegacións por esta empresa, a Inspección de Traballo emite informe.

TERCEIRO.- Coñecida a existencia dun procedemento xudicial tramitado no Xulgado de Instrución nº 4 da Coruña, procédese á suspensión cautelar do procedemento sancionador con data do 4 de marzo de 1997, todo isto de conformidade co artigo 5 do R.D. 396/96, do 1 de marzo, e ata que sexa ditada sentenza firme.

CUARTO.- Con data do 24 de abril de 1997 e conforme ao artigo 73 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procédese a acumulación do expediente sancionador nº 52/97, tramitado a raíz das actas nº 1.060/96, levantada contra as empresas “C.H.F., S.A.”, “C.C.C., S.A.” e “C.S.A., S.A.”, e do nº 81/97, acta de infracción nº 33/97, incoado contra a empresa “E.I.V., S.A.” polos mesmos feitos.

QUINTO.- Con data do 3 de setembro de 2001, recíbese a sentenza dictada pola Audiencia Provincial da Coruña, polo que se levanta a suspensión do procedemento sancionador.

SEXTO.- A Delegación Provincial da Coruña, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 20 de setembro de 2001 dictou Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente modificar a proposta de sanción no expediente nº 52/97, derivado das actas de infracción nº 1.060/96 e 33/97, declarando sen efecto a sanción para “C.S.A.A, S.A.”, por non ser responsable da infracción, e confirmando a comisión dunha falta grave en grao máximo, por parte de “C.H.F., S.A.”, “E.I.V., S.A.” e “C.C.C., S.A.”, solidariamente, impondo a estas tres empresas unha sanción de 15.025,90 €.

SÉTIMO.- Contra a antedita Resolución as empresas referenciadas interpuxeron en tempo e forma cadanseu recurso, no que solicitaban que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimaron máis convenientes ao seu dereito e que, basicamente se refiren ao feito de que a sentenza da Audiencia Provincial está recorrida ante o Tribunal Constitucional mediante recurso de amparo, e que por conseguinte, debería manterse a suspensión cautelar derivada das actuacións penais en curso, e vulneración do principio de “non bis in idem”.

OITAVO.- Con data do 2 de xullo de 2003 ten entrada no rexistro da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, a sentenza dictada pola Sala Segunda do Tribunal Constitucional, estimando parcialmente o recurso de amparo presentado por “C.H.F., S.A.”, no senso de declarar vulnerado o dereito dos recorrentes en amparo á tutela xudicial efectiva, na súa vertente de obter unha resolución xudicial motivada, e “declarar a nulidade da sentenza da Sección Primeira da Audiencia Provincial da Coruña, do 25 de maio de 2001, recaída no rollo de apelación 125/2001, no contido referido aos elementos de fixación da responsabilidade civil impugnados, retrotraendo as actuacións ao momento inmediatamente anterior ao de dictarse a mencionada sentenza, ao obxecto de que se dicte unha nova resolución xudicial respectuosa co dereito fundamental vulnerado”.

### Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos

para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- Conforme ao disposto no artigo 73 da citada Lei 30/1992, e dada a íntima conexión entre os recursos formulados polos representantes das dúas empresas xa sinaladas, procédese á súa resolución conxunta na presente resolución.

CUARTO.- En relación coas alegacións feitas polos recorrentes, cabe facer as seguintes precisións:

O recurso de amparo é un procedemento xurisdiccional extraordinario e sumario que se dirixe a decidir pretensións de protección dos dereitos fundamentais recoñecidos pola Constitución. Ten, polo tanto, un carácter subsidiario pois soamente pode interponerse cando se esgotaran todos os recursos utilizables na vía xudicial. Xa que logo, non é unha terceira instancia; non é unha nova instancia xudicial ante a cal os cidadáns instan a reparación das infraccións cometidas polos poderes públicos sobre os seus bens e dereitos, senón que é un proceso autónomo, cun ámbito específico e propio para a protección reforzada dos dereitos fundamentais. Así o recoñece expresamente a sentenza do Tribunal Constitucional (TC) do 16.06.03, recaída no recurso de amparo presentado por “C.H.F., S.A.” (fundamento xurídico 2).

Como consecuencia de todo o anterior, para acudir ao recurso de amparo é preciso agotar a vía xudicial previa para os efectos de garantir a súa subsidiariedade. Isto foi o que se fixo no presente suposto: trala sentenza dictada polo Xulgado do Penal nº 3 da Coruña, as partes recorreron en apelación, recaendo entón a Sentenza do 25.05.01 dictada pola Audiencia Provincial da Coruña. Esta última é unha sentenza firme conforme ao disposto no art. 245.3 da Lei 6/1985 (...) do Poder Xudicial, segundo a cal “son sentenzas firmes aquelas contra as que non quepa ningún recurso, salvo o de revisión ou outros extraordinarios que estableza a lei”. Como xa quedou dito, o recurso de amparo é precisamente un recurso extraordinario polo que nada impide que, recibida a sentenza dictada pola Audiencia Provincial, se procedera ao levantamento da suspensión do procedemento sancionador e á súa resolución, de acordo co art. 5 do R.D. 396/1996, do 1 de marzo, vixente no momento de iniciarse o procedemento referenciado e aplicable conforme á disposición transitoria única do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio. En consecuencia, o procedemento de referencia tramitouse conforme ao legal e regulamentariamente previsto.

O recurso de amparo interposto, baseábase nas seguintes pretensións: erro ao valorar a proba practicada no proceso, falta de motivación da resolución xudicial impugnada vulneración do dereito á liberdade sindical. Respecto da primeira, que é a que máis interesa a efectos administrativos, pois inflúe decisivamente nos feitos considerados probados, o TC conclúe que existiu proba de cargo máis que suficiente (fundamento xurídico 2); respecto da segunda, sinala que, efectivamente, na sentenza da Audiencia Provincial, non se motiva adecuadamente o rexeitamento das pretensións dos interesados relativas a que foran descontadas as indemnizacións xa abonadas aos familiares dos traballadores accidentados de acordo co disposto no convenio colectivo vixente, e que se fixasen as cotas das que debía responder cada un dos declarados civilmente responsables.

É precisamente isto o que se estima parcialmente e así, no último parágrafo do fundamento xurídico 4 indícase que “é procedente a estimación neste punto da demanda e o outorgamento do amparo solicitado, anulando o procedemento da sentenza da Audiencia Provincial no contido atinente aos elementos de fixación da responsabilidade civil analizados e ordenando a correspondente retroacción de actuacións a fin de que se dicte unha nova sentenza que cumpra coas esixencias constitucionais de motivación nos extremos indicados”. Sobre a terceira cuestión, tamén carente de interese para os efectos da presente resolución, non se pronuncia. Tendo en conta o anterior, o fallo da sentenza do TC do 16.06.03, declara a nulidade da sentenza da Audiencia Provincial do 25.05.01 só no que se refire aos elementos de fixación da responsabilidade civil impugnados, cuestión que non afecta á resolución administrativa que poida recaer neste ámbito.

Como consecuencia de todo o anterior, nada impide que se proceda a resolver os recursos de alzada interpostos contra a resolución do 20 de setembro de 2001 da Delegación Provincial da Coruña da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

En canto á suposta vulneración do principio de non bis in idem, cabe sinalar que a concorrencia de responsabilidades penais e administrativas e a aplicación subseguinte do citado principio, esixe unha identidade de suxeitos, feitos e fundamentos; precisamente, tendo presente que a identidade subxectiva só se produce cando o suxeito infractor sancionado sexa unha persoa física e o suxeito activo do delito o sexa tamén, (pois no Dereito Penal rixe o principio de imputación en nome de outro no caso das persoas xurídicas), o certo é que o non bis in idem non xogará cando o suxeito activo do delito sexa un administrador que actúe en nome e representación da sociedade e o sancionado sexa esta última, tal e como sucede no presente caso. Engádesse, ademais, que o xuíz non sanciona ao empresario como representante da empresa, senón como responsable directo dunha acción ou omisión delitiva.

Polo demais, o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose os recorrentes a facer meras interpretacións acomodaticias ao seu propio interese que carecen de virtualidade xurídica para enervar os razoamentos da resolución impugnada, e sen achegar ningunha proba indubitada, fidedigna, incontestable e plenamente convincente de que os feitos dados por certos pola inspectora actuante, en realidade non o son.

QUINTO.- Tendo en conta todo o anterior, considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, ao non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

### **Resolve**

DESESTIMAR os recursos interpostos por don M.F.R. en representación da empresa “C.H.F., S.A.”; dona M.L.C.C., en representación de “C.C.C., S.A.” e por dona M.B.P.V.

en representación da empresa "E.I.V., S.A.", contra a Resolución de data do 20 de setembro de 2001 acordada pola Delegación Provincial da Coruña, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 15.025,90 € imposta ás citadas empresas solidariamente.

## RESOLUCIÓN DE 27 DE OUTUBRO DE 2003

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución ditada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

### Feitos

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, trala investigación do accidente laboral sufrido polo traballador J.L.F.F. por incumprimento do disposto no artigo 14, apartado 1, 2 e 3, arts. 17.2 e 19 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais; así como arts. 3 e 5 e anexo I, apartado 2º, punto f), aptdo. nº 4 e punto g), e anexo II, apartado 2, arts. 1 e 3, e apartado 3, inciso 1.c) e inciso 2, apartados b), d) e e) do Real Decreto 1.215/1997, do 18 de xullo, polo que se fixan as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo; e arts. 4.2.d) e 19.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

Todo o anterior por canto se constatou que o traballador sufriu o accidente de traballo por golpe en zona facial cun tronco de eucalipto, que era desprazado por un tractor grúa, ao non terse adoptado as medidas de seguridade axeitadas fronte ao citado risco na operación de manipulación e elevación de cargas para evitar o balanceo da mesma, nin se tomaron as medidas para evitar a presenza de traballadores baixo a carga suspendida nin se aplicou procedemento adecuado, nin se planificou nin vixiou a citada operación para protexer aos traballadores nin se organizou o traballo para que poidera executarse con seguridade nin se garantiu que o traballador que manexaba o tractor-grúa, conservase o control directo ou indirecto daquela, nin o tractor-grúa estaba provisto, ou polo menos non empregou a sinalización acústica de advertencia para a seguridade dos traballadores situados nas súas proximidades, nin estaba dotado dos dispositivos auxiliares adecuados para a visibilidade do conductor, nin se procedeu á formación e información adecuada e suficiente en materia preventiva respecto dos riscos derivados do traballo encomendado.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE nos artigos 47.8 e 47.16 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MEDIO, en atención ao prexuízo causado ao traballador, a perigosidade da actividade desenvolvida, e o carácter permanente dos riscos inherentes á citada actividade, de conformidade co disposto no artigo 49.1 e 49.4 da mesma norma legal, proponéndose a imposición dunha multa de 6.010,12 €.

SEGUNDO.- Solicitado informe á Inspección de Traballo e Seguridade Social á vista das alegacións á acta realizadas pola empresa, sen que se recibira no prazo regulamentariamente previsto, a Delegación Provincial da Coruña, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 7 de xuño de 2001 dictou Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 6.010,12 €.

TERCEIRO.- Con data do 26 de xuño de 2001 ten entrada no rexistro de entrada da Delegación Provincial da Coruña da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, o informe emitido pola Inspección de Traballo e Seguridade Social.

CUARTO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ao seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

QUINTO.- Con data do 23 de abril de 2003, e previamente á resolución do recurso interposto, trámiteselle audiencia ao interesado durante un prazo de dez días, conforme aos arts. 87 e 112 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Facendo uso do seu dereito presenta escrito de alegacións con data do 9 de maio de 2003.

### **Fundamentos xurídicos**

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- Segundo o informe emitido pola Inspección de Traballo e Seguridade Social con data do 21.06.01, e que conforme ao disposto no art. 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, serve de motivación á presente resolución:

A acta esténdese en base ás declaracións que responsablemente fai o traballador estando presente o empresario, que foi o que, coa súa declaración, explicou e reconstruíu os feitos ocorridos o 26.06.00.

A causa que provocou o accidente, non foi, en modo ningún, debida a un desprazamento do "puntal fortuito incontrolable e impensable" senón que foi debido ao feito

de non ter adoptado as medidas de seguridade axeitadas, creándose así un risco potencial e previsible que desgraciadamente se materializou nun accidente de traballo e que era evitable.

Na acta relátanse de forma concreta feitos e circunstancias e o deber de seguridade omitido pola empresa así como a normativa incumprida, tendo en conta os feitos da acta.

Ningún dos preceptos foi cumprido pola empresa, ao non observarse as particulares esixencias dos mesmos, nin as xerais reforzadas polas concretas condicións que concurrían na execución do traballo ao realizarse nun lugar hostil –monte- o que lonxe de incrementar a seguridade, incrementaba os riscos na execución do traballo. Todas estas circunstancias robustecen aínda máis as esixencias dos preceptos incumpridos e polo tanto a responsabilidade e imputabilidade do seu cumprimento á empresa impugnante.

En canto á tipificación/cualificación da infracción, recordar á empresa que a esixencia constitucional do art. 25 da Constitución Española, require que as condutas sobre as que se proxecta a potestade sancionadora administrativa estean ou se encontren tipificadas na lei como infracción. Desta maneira, só as infraccións previstas expresamente na norma legal e tipificadas como tales, poden ser obxecto de sanción, polo que a tipificación e a cualificación da conducta segundo a súa gravidade eríxense como requisitos esenciais para esixir a responsabilidade administrativa do suxeito pasivo da potestade sancionadora.

Así, as condutas tipificadas como infracción, cualifícanse segundo a súa gravidade en leves, graves e moi graves, operación na que se ten en conta “a natureza do deber incumprido e a entidade do dereito afectado”.

Por isto, está tipificada e cualificada a infracción como grave, de conformidade coa normativa aplicable.

CUARTO.- Non obstante o anterior, e en relación coa contía da sanción imposta, débese precisar que o art. 49.4.b) da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establece para as infraccións graves en grao medio, cal é o presente caso segundo se establece na acta e na propia resolución recorrida, unha sanción de contía mínima de 6.010,13 €. Sen embargo, nos citados documentos públicos, recóllese unha sanción de 6.010,12 €.

Por conseguinte, e de conformidade co disposto no art. 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, corríxese o devandito erro no senso de que a contía da sanción debe ser 6.010,13 €.

QUINTO.- En relación coas alegacións feitas pola entidade expedientada tanto no escrito de interposición do recurso como no escrito de alegacións presentado en trámite de audiencia posterior, cabe facer as seguintes precisións:

Tal e como se fixo constar na resolución recorrida, con data do 12.02.01 remíteselle erroneamente á empresa trámite de audiencia, conforme ao art. 18.2 do R.D. 928/1998. A empresa formulou entón alegacións, e comprobouse que as alegacións realizadas á acta foran dentro de prazo, polo que conforme ao art. 18.3 do mesmo regulamento, se solicitou informe á Inspección de Traballo e Seguridade Social. Por conseguinte, o citado erro non causou indefensión á agora recorrente, pois na tramitación do

procedemento sancionador se respectou, en todo caso, o establecido polas normas aplicables.

O art. 18.4 do R.D. 928/1998 só prevé a obrigatoriedade do trámite de audiencia con anterioridade á resolución, cando “das dilixencias practicadas se desprenda a invocación ou concorrencia de feitos distintos aos sinalados na acta”, suposto que non se da no presente caso, no que a resolución se baseou nos mesmos feitos, tipificación e cualificación establecidos no devandito documento público. Nótese, ademais, a empresa tiña coñecemento de todos os documentos obrantes no expediente (a acta notificóuselle; as alegacións á acta e as presentadas en trámite de audiencia foron aportadas por ela mesma; no trámite de audiencia –aínda realizado ao abeiro do 18.2- informóuselle dos documentos obrantes no expediente e concedéuselle un prazo de oito días nos que puido acceder ao actuado).

Respecto do trámite de audiencia en vía de recurso infórmase o seguinte: efectivamente, o art. 112.1 da Lei 30/1992, sinala que “cando se teñan en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario, poranse de manifesto aos interesados...”. No presente suposto, existe un documento, o informe emitido pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, que foi recibido con posterioridade ao ditado da resolución da delegación provincial, e que, dado que se vai ter en conta para resolver o recurso de alzada presentado, e de cara a non causarlle indefensión ao interesado, é polo que se lle traslada copia do mesmo ao tempo que se lle concede audiencia. Nótese que non se trata dun informe solicitado en vía do recurso, á vista do cal non sería necesario tramitar audiencia conforme ao art. 112.3 da mesma norma legal, senón dun informe solicitado en primeira instancia que se emprega como motivación na resolución do recurso de alzada. En todo caso, o feito de tramitar audiencia ao interesado constitúe unha garantía para a empresa, que pode deste xeito exercitar os medios que considere procedentes en defensa dos seus dereitos, o que constitúe unha defensa do mesmo principio de seguridade xurídica.

En canto á ausencia do informe da Inspección á hora de resolver o procedemento, procede sinalar, en primeiro lugar, que o artigo 18.3 do citado Regulamento, prevé expresamente que: “se se formulasen alegacións en prazo contra a acta de infracción, o órgano ao que corresponde resolvelas poderá recabar informe ampliatorio, que se emitirá en quince días, do Inspector ou Subinspector que practicou a acta, que asumirá as funcións de instrutor do expediente. O citado informe será preceptivo se nas alegacións se invocan feitos ou circunstancias distintos aos consignados na acta, insuficiencia do relato fáctico da mesma ou indefensión por calquera causa”. Sen embargo, o feito de que o informe sexa preceptivo, non implica que non se poida resolver sen el.

Neste sentido, non debe esquecerse o sinalado polo artigo 83.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, conforme ao cal “De non emitirse o informe no prazo sinalado, e sen prexuízo da responsabilidade en que incurra o responsable da demora, poderanse proseguir as actuacións calquera que sexa o carácter do informe solicitado, excepto nos supostos de informes preceptivos que sexan determinantes para a resolución do procedemento, podéndose neste caso interrompír o prazo dos trámites sucesivos”. No presente suposto, estamos ante un informe que non é vinculante e polo tanto, non é determinante para a resolución do procedemento.



Polo demais, o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer simples interpretacións acomodaticias ao seu propio interese que reiteran as alegacións feitas á acta e que carecen de virtualidade xurídica para enervar os razónamentos da resolución impugnada, que se ratifican pola presente.

QUINTO.- Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, ao non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

### **Resolve**

DESESTIMAR o recurso interposto por don J.M.S.T. en representación da empresa "H.V.S.B., S.L.", contra a Resolución de data do 7 de xuño de 2001 acordada pola Delegación Provincial da Coruña, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 6.010,13 € imposta á citada empresa.

### **RESOLUCIÓN DE 24 DE NOVEMBRO DE 2003**

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución ditada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

### **Feitos**

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, por:

Incumprimento do disposto no artigo 15.1.b) do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e art. 3 do Real Decreto 2.720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o art. 15 do ET en materia de contratos de duración determinada, por canto nos contratos eventuais referidos na acta, non se fai constar con precisión a causa de eventualidade.

Infracción do 11.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, por canto o contrato de formación celebrado entre a empresa e a traballadora citada na acta, non cumpre os termos establecidos na lexislación vixente para esta modalidade contractual, por canto

non é posible concertar un contrato de formación con quen xa estivera traballando na mesma empresa e no mesmo posto de traballo.

Tales infraccións atópanse tipificadas e cualificadas como GRAVES no artigo 95.6 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, apreciándose as sancións resultantes en grao MEDIO, na súa contía superior a primeira infracción, en atención ao número de traballadores afectados (6) e a segunda en atención ao prexuízo causado á traballadora, de conformidade co disposto nos artigos 36 e 37 da Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, proponéndose a imposición dunha multa de 1.502,53 € pola primeira e de 601,02 € pola segunda.

En consecuencia, propónse a imposición da sanción correspondente por un importe total de 2.103,55 €

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, a Delegación Provincial de Ourense, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 13 de setembro de 2000 dictou Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 2.103,55 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ao seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

### **Fundamentos xurídicos**

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- En relación coas alegacións feitas pola agora recorrente, cabe facer as seguintes consideracións:

Polo que se refire á primeira infracción, débese sinalar que a sanción se impón por canto nos contratos eventuais celebrados pola empresa, non se fai constar con precisión a causa de tal eventualidade, nin existe un incremento temporal do volume de traballo que xustifique o recurso a esta modalidade contractual. Lémbrese, neste senso, que este tipo

de contratos se concertan, precisamente, para atender esixencias circunstanciais do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos; o contrato destínase, polo tanto, a satisfacer un incremento temporal ou excepcional do volume de traballo que non pode ser cuberto polo cadro de persoal fixo da empresa. En consecuencia, é esencial que a causa da eventualidade figure con precisión e claridade no contrato, podendo noutro caso aplicarse a teoría do fraude de lei, sen que poida admitirse como causa xustificadora do contrato eventual “atender circunstancias do mercado” ou “atender nova clientela”, ou “aumento clientes”, que son alusións de carácter xenérico que non poden admitirse como causas concretas, precisas e claras, tal e como esixe o art. 3.2.a) do R.D. 2.720/1998.

En relación coa segunda infracción, a Inspección de Traballo, tralo exame do contrato de formación suscrito coa traballadora doña C.V.G., observou dúas irregularidades no mesmo:

Por un lado, esta traballadora xa estivera contratada durante seis meses mediante un contrato de duración determinada;

Por outra banda, o horario que constaba no contrato (traballo efectivo de 9,30 a 13,30 de luns a sábado, e de 16 a 18 h de luns a venres; formación teórica os luns de 18 a 20 h e de 18 a 19 h de martes a venres) non se corresponde co manifestado pola traballadora (de 9,30 a 12 h e de 14 a 20 h de luns a sábado), no que estaría comprendido o de formación teórica.

A primeira irregularidade quedou sen efecto, ao comprobarse que o art. 11.2.d) do ET prohibe a realización de contrato de formación co traballador que xa estivese prestando servizos na mesma empresa por tempo superior a doce meses, de xeito que é evidente que o feito de que a traballadora estivese contratada con anterioridade seis meses non impide a contratación de formación.

En canto á segunda irregularidade, procede sinalar:

Efectivamente, obsérvase unha diferenza substancial entre o horario que figura no contrato de traballo e o sinalado pola propia traballadora en presenza da empresaria;

Non se pode ter en conta a declaración da traballadora presentada en vía de recurso, por canto non debe esquecerse que reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo da prioridade ás manifestacións que libre e espontaneamente se realizan no acto da Inspección fronte ás posteriormente emitidas, nas que ademais concorre a circunstancia de tratarse de persoas ligadas por un vínculo laboral a aqueles a quen beneficia o seu testemuño (sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Valencia, 01.12.94).

A empresa achega un certificado de que a traballadora recibiu formación teórica por un total de 156 horas mediante un programa de formación a distancia, entre o 16.10.99 e 15.04.00; sen embargo, nótase que o contrato para a formación inicial foi realizado para o período comprendido entre o 16.04.99 e o 15.10.99, mentres que o período de formación transcrito se corresponde cunha prórroga. Polo tanto, e sen entrar noutras consideracións acerca da suficiencia daquela, queda claro que durante os primeiros seis meses non se acredita que recibira formación ningunha. Resulta polo tanto acreditada a infracción das normas reguladoras deste contrato, pois o horario realizado pola traballadora non se corresponde co fixado no contrato e non se acredita que se dedicara tempo á formación teórica.

Polo que se refire á gradación das sancións, a acta fixas en grao medio, en atención, no primeiro caso, ao número de traballadoras afectadas, e no segundo, en atención ao prexuízo causado á traballadora. Ao respecto, procede sinalar:

- De acordo co disposto no artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, “na imposición de sancións polas Administracións Públicas deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada”. Efectivamente, como sostivo o Tribunal Supremo na súa sentenza do 3 de abril de 1990, “o principio de proporcionalidade ou de individualización da sanción para adaptala á gravidade do feito e á personalidade do autor fan da determinación da sanción unha actividade regrada”.

- Neste senso, o art. 36 da Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, establece que, “cualificadas as infraccións, as sancións graduaranse en atención á negligencia e intencionalidade do suxeito infractor, fraude ou connivencia, incumprimento das advertencias previas e requirimentos da Inspección, cifra de negocios da empresa, número de traballadores ou de beneficiarios afectados no seu caso, prexuízo causado e cantidade defraudada, como circunstancias que poidan agravar ou atenuar a gradación a aplicar á infracción cometida”.

- Pola súa banda, o art. 37 da mesma norma legal, dispón que as infraccións graves graduaranse “no seu grao mínimo de 300,52 a 601,01 €; no seu grao medio de 601,02 a 1.502,53 €; e no seu grao máximo, de 1.502,54 a 3.005,06 €”.

- No presente suposto, a acta propuxo unha sanción de 1.502,53 € pola primeira infracción, é dicir, a contía máxima do grao medio en atención a unha única circunstancia agravante: o número de traballadoras afectadas. Non obstante, tendo en conta as circunstancias sinaladas na acta, e á vista de que a sanción se debe axustar ao principio de proporcionalidade, examinados os criterios de gradación contemplados no precepto mencionado, e en tal sentido, dentro da consideración como infracción grave da que é responsable a citada empresa, considérase procedente reducir a contía da sanción, ao importe mínimo do grao medio (601,02 €) en tanto que a acta non motiva a imposición da sanción na máxima contía do grao medio.

- En cambio, a segunda sanción imponse na contía mínima do grao medio, en atención ao prexuízo causado ao traballador, o que se considera conforme a dereito.

CUARTO.- Á vista de todo o anterior, considérase que quedan suficientemente acreditadas as infraccións a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, ao non ser esta destruída por proba suficiente en contrario, estímense axeitadas a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos, excepto no que se refire á contía correspondente a sanción imposta pola primeira infracción, que queda fixada en 601,02 €.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

## Resolve

ESTIMAR EN PARTE o recurso interposto por dona S.P.R. en representación da empresa do mesmo nome, contra a Resolución de data do 13 de setembro de 2000 acordada pola Delegación Provincial de Ourense, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e impor á citada empresa a sanción de multa por un importe total de 1.202,04 € (601,02 € por cada unha).